

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MULLERES RURAIS DE OURENSE (FEMURO) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO *FÍOS VIOLETAS: PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO*, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, como órgano de dirección correspóndelle Impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, facendo especial fincapé (artigos 4 e 6), na especial dificultade das mulleres do ámbito rural para acceder as recursos e aos servizos, establecendo a dita Lei, mandatos específicos para salvar a dobre discriminación das mulleres rurais, especialmente das que sofren situacións de violencia de xénero.

O eixo 3 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero adica un apartado específico ao Rural, e nel establécense medidas que abranguen desde o incremento da atención ás vítimas nas zonas rurais, cun maior número de centros de acollida e información, ao impulso ás asociacións de mulleres no ámbito rural así como a realización dun estudo da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo rural. Así mesmo as medidas do Pacto de Estado céntranse, entre outras, no fomento das accións de sensibilización da sociedade e da prevención de violencia de xénero, desenvolvendo accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade; en concreto, a medida 31 recolle que pola súa especial incidencia desenvolveranse campañas dirixidas especificamente a



mulleres que viven no ámbito rural, garantíndolles maior accesibilidade aos recursos e á información.

A Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense, FEMURO, é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E1074 , ten entre os seus fins o de integrar ás diferentes asociacións de mulleres rurais que se atopan diseminadas en núcleos rurais da provincia de Ourense, de cara a aunar esforzos e recursos e garantindo un maior achegamento a eles por parte de todas as mulleres. Conta con 65 asociacións de mulleres rurais federadas e integra unhas 5.000 mulleres do medio rural na provincia de Ourense, sendo a única Federación destas características en toda a provincia. Desenvolve actividades de información, formación, atención, apoio e acompañamento á mulleres do ámbito rural, entre elas a mulleres vítimas da violencia de xénero, promovendo ademais accións de información e formación nas que sempre e de xeito transversal se atopa presente o enfoque de xénero.

A Consellería de Política Social e Igualdade estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense, FEMURO para o financiamento das accións sinaladas, cuxo obxectivo prioritario é reforzar o apoio social ás mulleres do rural, en especial ás vítimas de violencia de xénero, con accións de difícil encaixe nos servizos públicos, a través das cales preténdese acadar unhas maiores habilidades sociais, autoestima e empoderamento para as mulleres e tendo presente e considerando en todo momento os matices que a violencia de xénero adquire no rural.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

